



**ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO  
AO CONSELLO ESCOLAR**

**CIRCULAR INFORMATIVA**

De acordo coa convocatoria do día dez do mes en curso, o próximo día **29, martes, de 08:45 a 09:15 horas; de 13:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 18:00 horas**, celébrase neste Centro a votación para a elección dos representantes dos pais, nais ou titores legais do alumnado no Consello Escolar do Centro. Para participar na referida votación, tal como se sinalaba na citada Convocatoria, procederase da seguinte forma:

**Quen pode votar.**

Teñen dereito a votar todos os pais, nais ou titores legais do alumnado matriculado no Centro que figure no Censo que ao efecto aprobou a Xunta Electoral e tras a súa exposición pública regulamentaria. Tal dereito corresponde indistintamente ao pai e á nai, podendo votar ambos os dous.

**Modo de emitir o voto.**

- a. O voto será directo, secreto e non delegable.
- b. No momento de depositar o seu voto deberá acreditar a súa personalidade mediante a exhibición do D.N.I. ou documento similar.
- c. Nas papeletas de votación figurarán os nomes dos candidatos presentados e aprobados pola Xunta Electoral, por orde alfabética de apelidos, e cada elector deberá marcar cunha cruz **un nome** das candidatas e candidatos relacionados.
- d. Finalizada a votación procederase ao acto de escrutinio dos votos, que será público e, unha vez realizado, levantarase a correspondente acta.

**Candidaturas presentadas e admitidas:**

Cotelo Núñez, Iria

A dirección deste Centro anima a todos os pais, nais e titores legais do alumnado a que participe na votación do próximo martes, como unha forma máis de colaboración na organización do Centro.

Fene, 21 de novembro de 2022

A directora en función,

Lucía Prieto Seijas

